



EN
COPRODUCCIÓN
CO CENTRO
DRAMÁTICO
GALEGO

Coproduções



centro
dramático
galego

SALONTEATRO

de Rubén Raibol

DELINVOIS

Dirección: Marcos Barbosa



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
temporada 2008-2009

CDG: XXV ANOS

parte de ti

DELIMVOIS

De Rubén Ruibal

Teatro Oficina en coprodución co
Centro Dramático Galego

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

Índice

Presentación.....	4
Sinopse e espazo escénico	5
Ficha artística.....	6
Funcións.....	7
Rubén Ruibal, o autor.....	8
O director e o elenco.....	9
Plan de coproducións do CDG. Temporada 2008-2009.....	11

Presentación

Delimvois: o ser humano na encrucillada

Unha noite escoitei a Eduard Punset, coñecido divulgador científico, dicir que no século XXI unha das decisións máis importantes do ser humano sería escoller entre ciencia e relixión, entre o empírico e o supersticioso. Non creo que aos autores lles guste desentrañar as pezas, mais se me preguntasen cal é o tema de *Delimvois*, hoxe diría que é esa encrucillada decisiva.

Delimvois é a muralla científica que protexe e rodea unha das cidades do Estado Único, nome e idea roubada a Jacobo Paz dun texto baseado en "Nós", de Yevgueni Zamiatin. En *Delimvois* conviven dous homes dos chamados "escuros", coa memoria apagada e os sentidos recuperados, e unha aparente muller, científica eminente que experimenta con eles. E do outro lado do espello, ou deste, nos límites dun xardín calquera, un home sordo e un home cego cambian diariamente as súas obsesións, os seus odios, as súas contradicións, as súas mentiras...

Talvez, penso agora, escribín *Delimvois* porque temo que nesa encrucillada entre o dogma relixioso e o método científico, coa súa proverbial capacidade para inventar e destruír ao mesmo tempo, o ser humano estea a apostar polo camiño do medio.

Rubén Ruibal, AUTOR

Delimvois é un texto que pasa no lugar do nada, sitio ningún onde, por estarmos aí, nese lugar, temos a tentación da palabra, a obrigabilidade do xesto en dirección do outro. É un texto de encontro, entre tres personaxes, e as súas reflexións persoais sobre o concepto "humano". Non coa finalidade de discutilo de forma filosófica, senón máis ben dunha maneira onde cada un deles se revela, neste xogo constante de home-animal, home-máquina. É tamén un texto de encontro de dúas linguas, e dun proceso de escrita compartida entre autor, actores e director, nesta forma de creación que caracteriza o Teatro Oficina.

Marcos Barbosa, DIRECTOR

Sinopse

Delimvois explora os camiños, os límites, as terras de ninguén, os marcos ideolóxicos, as fronteiras de palabras onde dous homes e unha muller de diferentes nacionalidades procuran a carne, a alegría, a verdade, a súa identidade ou até o seu sustento diario ou alivio sexual.

A trama, se existe, de *Delimvois*, anda entre o místico e o táctil, entre o relixioso e o cabal, entre o político e o anecdótico, entre o amor e o odio. *Delimvois* ten o aspecto de ser un deses lugares fronteirizos afastados e negados polas leis dos homes, un deses lugares case sempre abandonados ou vacíos onde se dividen aspectos esenciais dos conflitos humanos: territorio, raza, xerarquía, relixión, xénero...

Delimvois conta a fuxida eterna de Francisco, António e Maria, seres que acreditan que son libres fóra do tempo e dispostos a inventar un mundo novo.

Espazo escénico

Gran parte da acción de *Delimvois* transcorre no interior dunha furna de metacrilato que ocupa o centro do escenario. Concibida como unha especie de rateira, trátase dun laboratorio no que están pechados os dous homes protagonistas mentres unha muller está a experimentar con eles.

A montaxe prescinde do patio de butacas, de xeito que o público ocupa as cadeiras e tarimas situadas no mesmo escenario, cunha capacidade para 70 persoas. Desde esta estrutura que forma un cadrado arredor do espazo onde se desenvolve a acción, os espectadores asisten ao espectáculo desde unha perspectiva á que non están afeitos, cunha proximidade máxima respecto aos intérpretes e á acción escénica.

Ficha artística

Dramaturxia	Rubén Ruibal
Dirección e tradución	Marcos Barbosa
Produción executiva	Teatro Oficina
Coprodución	Centro Dramático Galego
Elenco	Diana Sá, Emílio Gomes e Ivo Bastos
Escenografía	Fernando Ribeiro
Figurinos	Susana Abreu
Iluminación	Afonso Castro

* Espectáculo en portugués, dirixido a maiores de 12 anos

Funcións

SALÓN TEATRO. SANTIAGO DE COMPOSTELA

> **Sábado, 23 de maio ás 21.00 horas**

Función de estrea. Entrada por convite

> **Domingo, 24 de maio ás 18.00 horas**

CENTRO CULTURAL VILA FLOR. GUIMARÃES

> **Sábado, 6 de xuño**

As entradas para asistir á representación de *Delimvois* o domingo 24 no Salón Teatro póñense á venda no despacho de billetes desde dúas horas antes do comezo da actuación. Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web www.caixagalicia.es. O prezo das localidades é de 5 euros, por seres día do espectador.

Igualmente, este espectáculo inclúese dentro do Bono de Primavera, válido para adquirir catro localidades para asistir a outras tantas funcións (unha coprodución do CDG, máis outros tres espectáculos a escoller) por un prezo total de 20 euros. O bono implica un aforro do 50% sobre o prezo xeral e pódese adquirir unicamente na billeteira do Salón Teatro.

Rubén Ruibal, autor

Nado en Ribadeo, en 1970, Rubén Ruibal formouse xunto ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño con quen colaborou na compañía Teatro do Aquí actuando nas obras *A ópera de A Patacón* (1994), *Touporroutou da Lúa e do Sol*, *Anxeliños* (1997), *Rastros* (1998), *Criaturas* (2000) e *Animaliños* (2002). Tamén exerceu de axudante de dirección en *Doentes* (1998), *Sen ir máis lonxe* (1999) e *Os Papalagui* (2001).

No ano 2000 crea, xunto con Carlos Losada, a compañía Teatro Cachuzo, que levou ás táboas as súas primeiras obras *Fume* (2000) e *Nunca durmo*, de Erik Cachuzo (2003). Outras pezas súas foron representadas por Patatín & Patatán Superproductions, como *Traffic: arroz mubi* (2004) e *¡Triunfadores!* (2005). Para o CDG foi axudante de dirección na produción *Xelmírez ou a gloria de Compostela* (1999) de Daniel Cortezón, e interveu en *Rosalía* (2001) de Ramón Otero Pedrayo, ambas as dúas baixo a dirección de Vidal Bolaño. Foi dramaturgo residente na temporada 2007-2008 xunto a Vanesa Sotelo e Jacobo Paz, escribindo a peza *Estigma*.

Tras a morte de Vidal Bolaño en 2002, e a desaparición de Teatro do Aquí, cesa a súa actividade como actor e céntrase en escribir. No ano 2005 gaña o Premio Álvaro Cunqueiro con *Limpeza de sangue. O sangue fai ruído*, obra publicada en xaneiro de 2007 por Edicións Xerais de Galicia co apoio do IGAEM, e recibe en outubro do 2007 o Premio Nacional de Literatura Dramática, que premia anualmente ao mellor libro de teatro editado en calquera das linguas do Estado español.

Marcos Barbosa, director

Nacido en Lisboa, en 1973, é o director artístico do Teatro Oficina desde marzo do pasado ano, compañía coa que puxo en escena textos de Will Eno, Jacinto Lucas Pires e André Sant'anna. Ten traballado especialmente nas novas dramaturxias en Portugal e en México, onde foi bolseiro da fundación Gulbenkian nun proxecto de estudo da dramaturxia mexicana. Dirixiu *A febre*, de Wallace Shawn, con João Reis, estreada en abril de 2009 no Centro Cultural Vila Flor.

Diana Sá, actriz

Nacida en Matosinhos en 1978, é licenciada en Estudos Teatrais na especialidade de Interpretación pola Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo (Esmae). Como actriz traballou en varias producións dirixidas por Denis Bernard, Mário Barradas, Julio Castronovo, Paula Simms, Nuno Pinho Custódio, Walter Jansens ou José Carretas, entre outros. Participou en varios seminarios impartidos por Polina Klimovitzkaya, Carlos Pessoa, Rogério de Carvalho ou Luis Madureira, entre outros. É actriz residente do Teatro Oficina desde 2002, e formadora de Expresión Dramática e Teatro. Interveu en innumerables pezas do Teatro Oficina, entre as que destacan *Tragédia: uma tragédia*, de Will Eno, *Silenciador*, de Jacinto Lucas Pires e *Memórias de uma máquina a vapor*, de Alberto Villarreal.

Emílio Gomes, actor

Nacido en Vila Nova de Gaia en 1981, é licenciado en Estudos Teatrais na especialidade de Interpretación pola Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo (Esmae). Ten traballado baixo a ordes de Rogério de Carvalho, António Durães, João Mota, Paula Simms, Júlio Castronuevo, Denis Bernard, António Pires, Alan Richardson, Jen Hayes e Nuno Cardoso. En 2001 crea a compañía Teatro Atípico. En 2003, entra a formar parte do Teatro Oficina como actor participando en *Uma coisa simples*, *Auto da Índia*, *A queda dos cutileiros*, *Médico à força*, *O atraso de Godot* e *No tempo do Okapi*. Regresa en 2008 ao Teatro Oficina, como actor residente e exerce como profesor de Expresión Dramática e Teatro. Tamén intervén en *Tragédia: uma tragédia*, de Will Eno, *Silenciador*, de Jacinto Lucas Pires e *Memórias de uma máquina a vapor*, de Alberto Villarreal.

Ivo Bastos, actor

Nacido no Porto en 1977, frecuentou a Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo (Esmae). Inicia a súa actividade teatral en 1995, no Teatro Acção e forma parte do elenco de varias compañías como C.a.i.r.t.e., Tancredo, Teatro art`imagem e finalmente Teatro da Palmilha Dentada. Como actor traballou cos directores Carlos Frazão, William Gavião, Lee Beagley, Paulo Calatré e Marcos Barbosa. Colabora co Teatro Oficina desde 2007, participado nos espectáculos *Cântico de natal*, de Connor Mcpherson, baixo a dirección de Nelson Baskerville e *Silenciador*, de Jacinto Lucas Pires, dirixido por Marcos Barbosa.

Plan de coproducións do CDG. Temporada 2008-2009

Teatro contemporáneo - Estrea

Eco

IVÁN MARCOS EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Dirección, creación e interpretación: Iván Marcos

Lugar: Salón Teatro

Funcións: Venres, 17 de abril ás 21.00 horas (función de estrea)

Sábado, 18 de abril ás 20.30 horas

Domingo, 19 de abril ás 18.00 horas

Teatro infantil

Rúa Aire

O RETRETE DE DORIAN GRAY EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Dirección, creación e interpretación: Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno

Lugar: Sala Nasa

Funcións: Venres, 24 de abril ás 21.30 horas

Sábado, 25 de abril ás 21.30 horas

Domingo, 26 de abril ás 20.00 horas

Venres, 1 de maio ás 21.30 horas

Sábado, 2 de maio ás 21.30 horas

Domingo, 3 de maio ás 20.00 horas

Teatro - Estrea

Delimvois

TEATRO OFICINA EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Autoría: Rubén Ruibal

Dirección: Marcos Barbosa

Elenco: Diana Sá, Emílio Gomes e Ivo Bastos

Lugar: Salón Teatro

Funcións: Sábado, 23 de maio ás 21.00 horas (función de estrea)

Domingo, 24 de maio ás 18.00 horas

Teatro

Wake Up

NUT TEATRO EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Dirección: Carlos Neira

Elenco: Nerea Barros, Xiana Carracelas, Carlos Neira, Iria Sobrado e Arantza Villar

Lugar: Salón Teatro

Funcións: Xoves, 18 de xuño ás 20.30 horas

Venres, 19 de xuño ás 20.30 horas

Sábado, 20 de xuño ás 20.30 horas

Domingo, 21 de xuño ás 18.00 horas